




Area / Unidade RR.HH PE0000 YNE	Documento 1081AI04S3	
Código de verificación  0B15 016H 1X2W 3B6B 1BGL	Expediente 108/2025/1644	
	Data 28-04-2026	

NOTA INFORMATIVA DO TEMARIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DE 13 PRAZAS DE BIBLIOTECARIO/A MEDIO/A, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (SUBGRUPO A2), C.E. 7/25

Mediante Resolución do Concelleiro delegado de Economía e Planificación Estratéxica do 13/10/2025 (BOP núm. 201 do 21/10/2025) aprobáronse as bases específicas da convocatoria para a cobertura, pola quenda de promoción interna, de 13 prazas de bibliotecario/a medio/a, da escala de administración especial, subescala técnica (subgrupo A2).

Coa finalidade de facilitar a aquelas persoas que concorran ao dito proceso selectivo á preparación das probas da oposición publícase esta aclaración sobre o contido do temario referente aos **temas 3, 7, 22 e 33 da parte específica**:

TEMA 3.- Instrumentos de planificación bibliotecaria en Galicia: censo, estándares, mapa de bibliotecas de Galicia, plans municipais, plans anuais

En relación cos puntos suspensivos que figuran ao final do epígrafe, trátase dunha errata, xa que despois da última palabra debería seguir só un punto.

TEMA 7.- A planificación estratéxica nas Bibliotecas municipais da Coruña. Plan municipal de bibliotecas, plans anuais..

En relación cos puntos suspensivos que figuran ao final do epígrafe, trátase dunha errata, xa que despois da última palabra debería seguir só un punto.

TEMA 22.- Normativa de uso das Bibliotecas municipais da Coruña. Pode consultarse no seguinte enlace:

- [Normas e condicións de uso](#)

TEMA 33.- Competencias profesionais: “Perfís profesionais do Sistema Bibliotecario Español”; *Manual de competencias do persoal do Consorci de Biblioteques de Barcelona; Manual de “Sistemas urbanos de bibliotecas”.* Pode consultarse a documentación accesible nos seguintes enlaces:

- [Manual de competencias do persoal do Consorci de Biblioteques de Barcelona](#)
- [Perfiles profesionales del Sistema Bibliotecario Español: fichas de caracterización](#)

Esta nota publícase só a efectos orientativos ante as dúbidas formuladas por diversas persoas aspirantes ao devandito proceso selectivo e non ten carácter vinculante para a Administración, para o tribunal que vulgará as probas nin para quen participe nelas, que só quedarán



Concello da Coruña

vinculados polo anexo do temario incluído nas bases específicas da convocatoria de conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A xefa de Servizo de Recursos Humanos
Ana Carricoba Engroba

O director da Área de Administración Xeral
Manuel Ángel Jove Losada